

ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA

Eleccións Maio-2007



IDOIA CAMIRUAGA OSES. Candidata a Presidenta.
MIGUEL SERRANO GÓMEZ. Candidato a Tesoureiro.
JORGE DUARTE VÁZQUEZ. Candidato a Secretario

A candidatura pretende ser aberta e funcionar como representante de todo o colectivo de arquitectos, e ao servizo destes.

Máis aló dos nomes concretos da candidatura, esta xurde do consenso acadado por un sólido e amplo grupo de arquitectos que explicitan o seu compromiso coas liñas de actuación que se propoñen e que participan de xeito activo na elaboración e desenvolvemento das premisas do programa.

Os integrantes da xunta directiva proposta, traballan, realmente, como colectivo colexiado, é dicir, os seus cargos son intercambiabíes a efectos de unha maior eficiencia na xestión, sen saltar as obrigas e responsabilidades de cada un deles. Contarán, ademais, nas xuntas, de cara sempre á xestión áxil, coa reflexión colectiva dos arquitectos baseada no traballo deste grupo amplo e variado

Preténdese, polo tanto, recoller e dar resposta construtiva as suxestións e queixas de todos.

Claves do programa:

1.- Servizos aos arquitectos

Entendemos que os arquitectos, no seu exercicio profesional, teñen gran cantidade de problemas e atrancos para facer un traballo digno, e pensamos que, dende o colexio, pódese axudar a resolver algúns destes problemas.

2.- Relación entre o colectivo de arquitectos e a sociedade

Un dos camiños para mellorar as condicións de traballo dos arquitectos é actuar coa sociedade, dentro dela, de xeito que entendamos mellor as súas necesidades e poidamos actuar nos eidos nos que sexamos útiles á mesma, e amosar a capacidade do colectivo para dar servizo aos clientes e á sociedade no seu conxunto, entendendo así a figura do arquitecto, tamén, dentro do seu labor social.

1.- En servizo aos arquitectos:

Facilitar as relacións coas administracións coas que temos que ver, principalmente os Concellos, máis tamén, a Xunta, o Consorcio e outras, na medida das nosas competencias. Potenciar a cultura do Concurso. Potenciar a figura do arquitecto na xestión ordinaria dos Concellos e outras administracións
Facilitar información sobre os temas de interese na área da Delegación de Santiago, en Galicia, a través da sede do C.O.A.G. e noutras autonomías.

Potenciar a formación dos arquitectos nas cuestións de maior interese para o exercicio profesional nas distintas modalidades. Fomentar a relación e transvase de experiencia entre os distintos grupos de arquitectos, para facilitar, por exemplo, a aprendizaxe para uns e a xestión das novas normas e tecnoloxías para outros. A maior formación, maior conciencia e, polo tanto, máis transparencia e limpeza no exercicio da profesión.

ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA

Candidatura para a Delegación do COAG en Santiago: Idoia Camiruaga, Jorge Duarte, Miguel Serrano

Facilitar todo o inherente á tramitación de visado, incluíndo a montaxe dun sistema de transporte alternativo para entrega e recollida de proxectos e documentacións na nova sede da Praza da Quintana.

Crear un foro de discusión e recollida de suxestións e queixas, directo, mediante reunións, e a través de internet, e abrir novos servizos en función do interese delas.

Usos abertos da actual sede da Delegación: aluguer por horas de salas de reunións, almacéns ou de exposición de proxectos, para os arquitectos que teñan necesidades puntuais e falta de espazo propio; mediante aluguer aos arquitectos. Conexión das dúas sedes.

Incorporar mais arquitectos ó colexio, facilitando a súa participación no colexio establecendo unha nova modalidade de colexiación, que da dereito á información, á participación nos eventos culturais do Colexio, á participación nos cursos de formación mediante pago das taxas requiridas, e ao voto. A instauración deste sistema atrae máis arquitectos ao colexio e supón un maior peso do colectivo e unha maior relación coa realidade social da profesión.

2.- Na relación entre o colectivo de arquitectos e a sociedade:

Aproveitar o traslado á nova Sede da Quintana, coa visibilidade e a dimensión pública que esto leva, para facer a profesión máis visible á sociedade.

Aproveitar o maior espazo dispoñible na nova Sede para potenciar a diversidade e a flexibilidade das actividades do Colexio. A cercanía á Sede pode facer de nos o motor desta, empuxándoa á modernización nas cuestións que teñen que ver coa atención aos arquitectos e ao seu traballo. Neste sentido, presentamos dous arquitectos do equipo para vocais da xunta de goberno do COAG.

Abrir o Colexio á sociedade, mediante a formación de opinión e criterio sen cortapisas, a creación de foros de traballo conxunto con distintos sectores sociais, dende administracións a veciños, utilizando as modernas ferramentas de comunicación ademais da publicidade institucional;

Potenciar as actividades de cariz cultural e a apertura do Colexio a outros colectivos de creadores. Facer o esforzo de transmitir a cultura, especialmente a arquitectónica á sociedade, sacando as actividades culturais aos espazos públicos, sen pecharnos no noso refuxio.

Potenciar, neste mesmo sentido, a imaxe positiva da profesión, e da utilidade real do arquitecto, explicitando o que este ofrece á sociedade, dende o punto de vista máis moderno, como a sustentabilidade aplicada ás propias vivendas, as formas modernas dos espazos e da vida neles, etc.

Neste apartado de relación coa sociedade, reiteramos a necesidade de potenciar a cultura do CONCURSO, non só nas administracións públicas, como Consorcio, Concello, Xunta, etc., máis nas empresas privadas de construción ou promotoras, cultivando a calidade dos xurados e a transparencia dos procesos, que é a que garante a xustiza nas decisións.

Ofrecer apoio aos Concellos para a organización de Concursos de Planeamento; así mesmo, marcar directrices que poidan ser utilizadas polos Concellos para a redacción de Planeamento coa máxima transparencia.

Dar ferramentas, mediante cursiños teóricos e prácticos, ao arquitecto para desenvolver mellor o seu traballo, de cara á súa relación con todo tipo de clientes.

ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA

Crear premios de arquitectura non só para os arquitectos, máis, tamén, para os promotores, construtores e calquera dos sectores que interveñen na creación de cidade e arquitectura e na relación destas co seu territorio.

Ademais, e sempre, ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA.

Estas ideas, e mais esta Candidatura son apoiadas polos seguintes arquitectos adscritos á delegación de Santiago:

958	TOME FERREIRO, PABLO
1287	ALVAREZ GARCIA, XULIO
1785	RIO REGOS, LEANDRO MANUEL DEL
1885	PENA REY, ANTONIO
2004	GARCIA CASTELO, JAVIER
2030	PEREZ CASTRO, LOURDES
2049	IGLESIAS FUNGUEIRIÑO, ALBERTO
2057	PINTO TASENDE, JUAN
2095	ANDRES QUINTELA, OSCAR
2129	SOTO GONZALEZ, IGNACIO
2138	GONZALEZ GIL, CLARA
2190	RODRIGUEZ ALCALA, SANTIAGO
2200	SERRANO GOMEZ, MIGUEL
2211	RODRIGUEZ ALEMPARTE, SUSANA
2242	PIÑEIRO ESPERANTE, ANA ISABEL
2318	AMENEIROS RODRIGUEZ, ISMAEL
2322	BANDE PORTO, JUAN JOSE
2326	SVEFORS PER-JÖNSON, MY ASTRID
2328	CAMIRUAGA OSES, IDOIA
2391	CARBAJO CAPEANS, MANUEL
2466	FROJAN RESUA, JOSE
2481	BLANCO LOBETO, JOSE RAMON
2557	BELLAS RODRÍGUEZ, MARTA
2627	COUCEIRO LOPEZ, XOSE MANUEL
2637	GARCIA GONZALEZ, CARMEN
2674	LIÑARES TUÑEZ, FRANCISCO XABIER
2692	CARBALLAL MARIÑO, BLANCA
2697	FERNANDEZ HERMIDA, RAMON
2785	NEIRA MATO, MONICA
2828	FERRO CRUZ, HENRIQUE
2982	OTERO GOMEZ, BALTASAR
3128	DUARTE VÁZQUEZ, JORGE
3214	PENA NOYA, JESUS
3324	ANEIROS RODRIGUEZ, RICARDO
3431	GUTIERREZ DE TERAN, IVAN
3493	ANDRES QUINTELA, IVAN
3498	FERNÁNDEZ ORDÓÑEZ, ROBERTO
3552	VIÑA SEGURA, MARÍA
3553	NÚÑEZ PARDO DE VERA, SOFÍA

ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA

Candidatura para a Delegación do COAG en Santiago: Idoia Camiruaga, Jorge Duarte, Miguel Serrano

Indicacións para solicitar o voto por correo (Segundo os estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia)

No proceso de votación débese:

- deixar constancia do envío do voto
- acreditar a identidade do votante
- garantir o segredo do voto

IMPORTANTE:

O voto debe ser recibido pola mesa antes de finalizar a votación, é dicir, antes das 17:00 h do 11 de Maio de 2007.



SISTEMA:

Se desexas exercer o teu dereito por correo debes:

- 1.- **Solicitalo** á Secretaría do Colexio ou da Delegación de Santiago **cunha antelación mínima de 5 días á data de votación**, é dicir, **antes do día 6 de Maio, que cae en domingo**.

Deberás **recibir unha acreditación persoal**, máis as **papeletas** de votación e os **sobres**, para o seu envío á Delegación ou á Sede do COAG.

Este material, en sobre identificado co selo do Colexio e o código ou distintivo persoal do arquitecto, **podes recollelo directamente ou solicitar o seu envío a domicilio, vía fax ou con un escrito**, é dicir, de xeito que quede constancia da solicitude feita.

- 2.- **Introducir, dentro dos sobres de votación** (sen marcar estes para asegurar o anonimato do voto) **a papeleta** elixida para cada votación (Sede e/ou Delegación)
- 3.- **Introducir, dentro do sobre exterior:**
 - **Os sobres anónimos** pechados cada un deles coa papeleta correspondente a cada voto (Sede e/ou Delegación)
 - **A acreditación persoal** que te mandou o Colexio
- 4.- **Enviar** o sobre por servizo de mensaxería ou correo certificado, dirixido á Secretaría do COAG ou á da Delegación de Santiago.

ATENCIÓN:

O voto por correo podes revocalo comparecendo persoalmente na mesa de votación no prazo establecido para o voto (día 11 de Maio, de 9:00h ata 17:00h)

Neste caso, o voto por correo será destruído na túa presenza.

**Sede do Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia**
Eleccións 2007

Praza da Quintana 3
15704, Santiago de Compostela
A Coruña

**Delegación do Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia en Santiago**
Eleccións 2007

Rúa de Ramón Piñeiro 10, Baixo
15702, Santiago de Compostela
A Coruña

ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA

Candidatura para a Delegación do COAG en Santiago: Idoia Camiruaga, Jorge Duarte, Miguel Serrano

ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA

Eleccións Maio-2007



A candidatura pretende ser aberta e funcionar como representante de todo o colectivo de arquitectos, e ao servizo destes.

Máis aló dos nomes concretos da candidatura, esta xurde do consenso acadado por un sólido e amplo grupo de arquitectos que explicitan o seu compromiso coas liñas de actuación que se propoñen e que participan de xeito activo na elaboración e desenrolo das premisas do programa.

Os integrantes da xunta directiva proposta, traballan, como colectivo colexiado: os seus cargos son intercambiabiles a efectos de unha maior eficiencia na xestión, sen saltar as obrigas e responsabilidades de cada un deles. Contarán, ademais, nas xuntas, de cara sempre á xestión áxil, coa reflexión colectiva dos arquitectos baseada no traballo deste grupo amplo e variado

Preténdese, polo tanto, recoller e dar resposta construtiva as suxestións e queixas de todos.

Claves do programa:

1.- Servizos aos arquitectos

Entendemos que os arquitectos, no seu exercicio profesional, teñen gran cantidade de problemas e atrancos para facer un traballo digno, e pensamos que, dende o colexio, pódese axudar a resolver algúns destes problemas.

2.- Relación entre o colectivo de arquitectos e a sociedade

Un dos camiños para mellorar as condicións de traballo dos arquitectos é actuar coa sociedade, dentro dela, de xeito que entendamos mellor as súas necesidades e poidamos actuar nos eidos nos que sexamos útiles á mesma, e amosar a capacidade do colectivo para dar servizo aos clientes e á sociedade no seu conxunto, entendendo así a figura do arquitecto, tamén, dentro do seu labor social.

1.- En servizo aos arquitectos:

Facilitar as relacións coas administracións

Facilitar información

Potenciar a formación dos arquitectos

Facilitar todo o inherente á tramitación de visado.

Crear un foro de discusión e recollida de suxestións e queixas.

Usos abertos da actual sede da Delegación.

Incorporar mais arquitectos ó colexio, facilitando a súa participación no colexio.

2.- Na relación entre o colectivo de arquitectos e a sociedade:

Facer a profesión máis visible á sociedade.

Potenciar a diversidade e a flexibilidade das actividades do Colexio.

Abrir o Colexio á sociedade, mediante a formación de opinión e criterio

Potenciar as actividades de cariz cultural e a apertura do Colexio a outros colectivos de creadores.

Potenciar a imaxe positiva da profesión.

Potenciar a cultura do CONCURSO.

Ofrecer apoio aos Concellos para a redacción de Planeamento con criterios claros e obxetivos e coa máxima transparencia.

Dar ferramentas ao arquitecto para desenvolver mellor o seu traballo.

Crear premios de arquitectura para todos sectores que interveñen na creación de cidade e arquitectura.

ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA

Candidatura para a Delegación do COAG en Santiago: Idoia Camiruaga, Jorge Duarte, Miguel Serrano

ARQUITECTOS POLA ARQUITECTURA

Candidatura para a Delegación do COAG en Santiago: Idoia Camiruaga, Jorge Duarte, Miguel Serrano